



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Art. 1. - De conformidade co disposto no os arts. 88 e 89 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, modificada parcialmente pola Lei 6/91, de 11 de marzo e con posterioridade pola Lei 22/93, do 29 de decembro, de Medidas Fiscais, Réxime de Función Pública e Protección por desemprego, quedan fixados o coeficiente municipal e o índice de situación aplicables a este municipio, nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Art. 2. - Para todas as actividades exercidas neste termo municipal, as cotas mínimas das tarifas sobre o Imposto de Actividades Económicas serán incrementadas mediante a aplicación a estas do coeficiente 1'20.

Art. 3. - Sobre as cotas establecidas no art. anterior e dende a configuración do municipio non será de aplicación a escala de índices que pondere a situación física do local, por razón pola cal o índice de situación para todas as actividades que se desenvolvan no municipio será dun.

Art. 4. - No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, segundo os preceptos contidos na subsección 3ª (imposto de actividades económicas) da Sección 3ª (impuestos) do Capítulo II (tributos propios) do Título II (recursos dos municipios) da Lei 39/88 do 28 de decembro concordantes e complementarias desta e nas demais Leis do Estado, Reguladoras da materia así como as disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL. -

A presente ordenanza fiscal, na redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 25 de xaneiro do 2000, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2000, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa".